



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

**JUAN LUIS GONZÁLEZ IGLESIAS, SECRETARIO XERAL  
DO CONCELLO DE ORDES - A Coruña**

**CERTIFICO:** Que pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, de data 1 de febreiro de 2.019, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**15. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E OBRAS:  
ACTUACIÓNS DE AFORRO ENERXÉTICO NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO  
CONCELLO DE ORDES.**

Expediente de contratación por procedemento aberto, art. 156 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), tramitación ordinaria, da subministración e obras "ACTUACIÓNS DE AFORRO ENERXÉTICO NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE ORDES"

Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, que deben rexer a contratación, o certificado de existencia de crédito e evacuados os informes de Secretaría e de fiscalización previa da Intervención, como obran no expediente.

Visto o disposto nos arts. 13, 16, 18, 116, 117, 131 e 156 a 158 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, (LCSP).

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de cinco votos a favor, sendo seis o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer a contratación por procedemento aberto, tramitación ordinaria, da subministración e obras "ACTUACIÓNS DE AFORRO ENERXÉTICO NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE ORDES".

2º.- Aprobar o expediente de contratación, aprobar o gasto con cargo á partida 165.623.00, do vixente orzamento municipal, dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación por procedemento aberto, tramitación ordinaria da subministración e obras "ACTUACIÓNS DE AFORRO ENERXÉTICO NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE ORDES", por importe de 129.417,97 € (106.957,00 prezo + 22.460,97 iva).

E para que conste e xurda os efectos oportunos, expido a presente certificación, que asino coas reservas do art. 206 ROF, de Orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde-Presidente, en Ordes, a 6 de febreiro de 2.019.

Vº Pº  
O ALCALDE-PRESIDENTE



O SECRETARIO

